De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

**3.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE "ROZA DE MARXES E APERTURA DE CUNETAS NOS CAMIÑOS PÚBLICOS DO TERMO MUNICIPAL DE RIVEIRA".**

Visto o expediente que se tramita para adxudicar, como contrato menor, as obras de "roza de marxes e apertura de cunetas nos camiños públicos do termo municipal de riveira", cun orzamento total por contrata de 60.452,21 euros (Valor estimado do contrato: 49.960,50 euros; IVE 21%: 10.491,71 euros).

O expediente de contratación (como contrato menor con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo-), o Prego de condicións técnicas e administrativas particulares redactado pola enxeñeira municipal na data 20/06/2016, e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.21000, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 23/06/2016.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia) na data 01/07/2016.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARIA

Para a adxudicación do contrato presentáronse as seguintes ofertas que, unha vez realizada pola Mesa de Contratación, na súa reunión da data 14/07/2016, a apertura dos sobres de cada licitador, dou o resultado seguinte:

| Licitador | Rexistro de Entrada | | Valor estimado ofertado *(prezo sen IVE)* |
|---|---|---|---|
| | Data | Número | |
| Desmaco, S.L.U. | 05/07/2016 | 8857 | 37.969,98 euros |
| Fertaf Obras y Servicios, S.L. | 07/07/2016 | 8937 | 32.884,00 euros |
| Tarrío y Suárez, S.L. | 08/07/2016 | 8995 | 36.183,67 euros |
| Eulogio Viñal, Obras y Const., S.A. | 08/07/2016 | 9012 | 42.247,30 euros |
| José Benito Sampedro Vizcaya | 08/07/2016 | 9031 | 41.195,50 euros |
| Vías y Servicios Generales, S.L. | 08/07/2016 | 9048 | 29.976,30 euros |
| Río Sieira, S.L. | 09/07/2016 | 9064 | 33.973,14 euros |
| Sogader, S.L. | 09/07/2016 | 9065 | 34.972,35 euros |
| J. Manuel Currás | 09/07/2016 | 9066 | 39.968,40 euros |
| Mercedes Buján | 09/07/2016 | 9067 | 37.461,61 euros |
| Obras y Viales Cerne, S.L. | 09/07/2016 | 9068 | 34.130,91 euros |
| Francisco Laranga Lampón | 09/07/2016 | 9071 | 42.468,98 euros |
| Hordescón, S.L. | 12/07/2016 | 9144 | 39,648,66 euros |
| Copcisa, S.A. | 12/07/2016 | 9146 | 44.701,50 euros |

Resultou excluída da licitación a empresa "Constructora Rey, S.L.U.", cuxa oferta tivo entrada neste Concello na data 14/07/2016, co número 9302, e, polo tanto, fóra do prazo de presentación de ofertas. A oferta presentouse por medio do Rexistro Xeral da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, e non no Rexistro Xeral do Concello (tal e como se indicaba no Prego de condicións técnicas e administrativas particulares reitor da contratación) ou a través dunha Oficina de Correos (apartados 2 e 4 do artigo 80 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas), non estando contemplado no mencionado Prego outro procedemento de entrega.

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que segundo o Prego de condicións técnicas e administrativas particulares aprobado para rexe-la contratación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta unicamente as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 14/07/2016.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

*Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS:**

**PRIMEIRO**.- **Excluír da licitación á empresa "Constructora Rey, S.L.U."**, cuxa oferta tivo entrada neste Concello na data 14/07/2016, co número 9302, e, polo tanto, fóra do prazo de presentación de ofertas. A oferta presentouse por medio do Rexistro Xeral da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, e non no Rexistro Xeral do Concello (tal e como se indicaba no Prego de condicións técnicas e administrativas particulares reitor da contratación) ou a través dunha Oficina de Correos (apartados 2 e 4 do artigo 80 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas), non estando contemplado no mencionado Prego outro procedemento de entrega.

**SEGUNDO**.- **Adxudicar o contrato menor** para realizar as obras de "**Roza de marxes e apertura de cunetas nos camiños públicos do termo municipal de Riveira**" á empresa "**Vías y Servicios Generales, S.L.**" (NIF B15555923), no **prezo total do contrato de 36.271,32 euros** (Base: 29.976,30 euros; IVE 21%: 6.295,02 euros).

**TERCEIRO**.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

## IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

## V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Vistos os escritos presentados por José Blanco Vieites actuando en nome e representación de **Promociones Blanco Vieites, S.L.**, de datas 06/06/2016 e 22/06/2016 (Rexistros de entrada nº 6.959 e 8.206), nos que solicita a devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) en concepto de ingresos indebidos e tamén das taxas, ***presentando a renuncia expresa da licenza de obras nº 657/07.***

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 20/01/2016, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 28/06/2016, así como ao informe de devolución de ingresos do Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 11/07/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***ACEPTAR A RENUNCIA*** da licenza urbanística municipal de obra presentada por José Blanco Vieites actuando en representación da entidade *PROMOCIONES BLANCO VIEITES, S.L* en relación á ***LICENZA DE OBRA Nº 657/07***, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30 de agosto de 2007 para levar a cabo a construcción de edificio de vivendas na Rúa do Pradiño, Corrubedo, Riveira, ***DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.***

**Segundo.-** Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra nº 657/2007, formulada por **Promociones Blanco Vieites, S.L.**, coa seguinte contía: **11.735,23 €**.

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

Visto o escrito presentado por José Antonio Lousa Barbeito en representación de **Inversiones en Tecnología Gallega, S.C.**, de data 05/07/2016 (Rexistro de entrada nº 8.826), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble sito na Rúa Sidreiras, nº 2 (Entrada ao garaxe pola Avda. da Coruña - Riveira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 30/06/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Conceder** a **Inversiones en Tecnología Gallega, S.C.** autorización para a instalación dun sinal de vao permamente (3,00 m.), con praca e inscripción de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmoble sito na Rúa Sidreiras, nº 2 (Entrada ao garaxe pola Avda. da Coruña - Riveira).

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

Vista a **proposta da Alcaldía**, de data 11/07/2016, e que a continuación se transcribe:

*"Emilio Pérez Outeiral, Alcalde en funcións do Concello de Riveira (Decreto de substitución de data 08/07/2016),*

*PROPÓN:*

*De conformidade coa Resolución do 28 de xaneiro de 2016 pola que se acorda a apertura do prazo xeral de presentación de solicitudes para a autorización da ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de eventos, instalación de terrazas de hostalaría e actividades varias, publicada pola entidade pública Portos de Galicia (DOG núm. 23, xoves 4 de febreiro de 2016, páxinas de 4123 a 4126)*
*foi presentada a relación de actividades e programas lúdico, culturais e festivas a celebrar ao longo do ano 2016 que son desenvolvidas en espazo de dominio público portuario na cidade de Riveira.*

*Na devandita resolución establece que toda pretensión de calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, de realizar festa, concerto, exposición etc. en zona portuaria debe implicar unha solicitude formal e oficial na cal o organizador asuma a responsabilidade legal ante terceiros, e documente e xustifique a aplicación du protocolo de seguranza rigoroso en canto a medios persoais e materias (policía, sanidade, emerxencias, protección e cerramento do recinto, accesos e evacuación, cuobertura de responsabilidades con disposición de pólizas de responsabilidade legais e, se for o caso, con cobertura de todo tipo de fianzas, etc)*

*Por esta circunstancia e á vista da solicitude presentada por Narciso Fernández Santos en representaicón da Real e Ilustre Cofradía da Dorna, e cumprindo co trámite establecido pola entidade Portos de Galicia, presentamos petición de ocupación temporal do Malecón de Riveira en concepto de espazo no que terá lugar a execución das actividades contidas na programación das Festas da Dorna, no período que vai do 15 ao 24 de xullo.*

*No enderezo de correo electrónico da área municipal de cultura con data de 11 de xullo recíbese autorización de Portos de Galicia a favor do Concello de Riveira de ocupación de superficie portuaria para a celebración eventual de actividades non portuarias, no dominio público portuario de Riveira entre as que figura as "Festas da Dorna 2016" do 15 ao 24 de xullo de 2016.*

*Esta autorización conleva entre outras obrigas a de aboar as taxas correspondentes pola ocupación da parcela, cuio importe resulta de aplicar a tarifa E-2 segundo o establecido na Lei 6/2002 de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (0,100101€ m2/día dende o día 1 ata o día 10 e de 0,20202€ m2/día o día 11 e seguintes) así como os tipos impositivos vixentes en cada momento, neste caso o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) 21%.*

*Por todo isto e á vista da documentación que se achega*
*Esta Alcaldía, en exercicio das facultades atribuídas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réximen local,*

*PROPÓN*

- *A cesión de ocupación de superficie portuaria para a celebración das actividades contidas na programación das Festas da Dorna do 15 ao 24 de xullo solicitadas pola Real e Ilustre Cofradía da Dorna (data entrada no rexistro municipal 1/7/2016) e en consecuencia Repercutir as taxas e impostos correspondentes pola ocupación deste espazo conforme á liquidación da entidade Portos de Galicia por este concepto.*

*Riveira, 11 de xullo de 2016"*

Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

**Aprobar a cesión de ocupación** de superficie portuaria para a celebración das actividades contidas na programación das Festas da Dorna do 15 ao 24 de xullo solicitadas pola Real e Ilustre Cofradía da Dorna (data entrada no rexistro municipal 1/7/2016), e en consecuencia, **repercutir as taxas e impostos correspondentes** pola ocupación deste espazo conforme á liquidación da entidade Portos de Galicia por este concepto, tal como se sinala na citada proposta..

**SOLICITUDES DE SUBVENCIÓNS (Cambio de obxecto).**

Vista a proposta da Alcaldía, de data 12/07/2016, na que sinala que o Concello de Riveira ten concedida, ao abeiro da convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para actividades de promoción

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

económica durante o ano 2016 da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 221, de data 18/11/2015), unha subvención por importe de 6.199,72€, para o desenvolvemento da "Festa do percebe de Aguiño 2016".

Debido a que este ano a festa do percebe de Aguiño non se vai a celebrar por causas alleas ao concello.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- Solicitar á Deputación da Coruña un cambio de obxecto da citada subvención respectando as condicións e finalidade da subvención inicial.

2.- O cambio de obxecto sería o seguinte:
"Exaltación de produtos do mar" a realizar nas vindeiras festas patronais que se van a celebrar no Concello de Riveira no próximo mes de setembro 2016.

3.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular o correspondente cambio de obxecto na solicitude de axuda.

***CONVENIO DE COLABORACIÓN (DE CESIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO PARA DESENVOLVEMENTO DA FERIA ARTESANAL E MARIÑEIRA) ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E DANIEL CASTAÑO TUBIO, CO NOME COMERCIAL DE IACOBUS MEDIEVAL, PARA A ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA NO ANO 2016.***

Vista a **proposta** da **Concelleira Delegada de Cultura, Fabiola García Martínez**, de data 13/07/2016, na que propón a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e Daniel Castaño Tubio, co nome comercial de Iacobus Medieval, para a organización da Feira Artesanal e Mariñeira no ano 2016.

VISTA a necesidade de organizar a celebración da Feira Artesanal e Mariñeira ("ARTEMAR").

CONSIDERANDO a posibilidade de celebrar un convenio de colaboración coa entidade IACOBUS MEDIEVAL toda vez que do citado convenio non se desprenden aportacións económicas por parte do Concello de Riveira.

VISTO o informe emitido ao efecto pola Secretaría Xeral do Concello con data 13 de xullo e que se incorpora á citada proposta como parte integrante da mesma.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

**Primero:-** Aprobar el convenio que se reproduce a continuación en sus justos términos y de acuerdo con las observaciones realizadas por el Sr. Secretario en su informe de fecha 13 de Julio de 2016:

*"CONVENIO DE COLABORACIÓN (DE CESIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO PARA DESENVOLVEMENTO DA FERIA ARTESANAL E MARIÑEIRA) ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E DANIEL CASTAÑO TUBIO, CO NOME COMERCIAL DE IACOBUS MEDIEVAL, RELATIVO A APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA NO ANO 2016.*

*En Riveira, ________ de 2016*

*REUNIDOS*
*Dunha arte, Manuel Ruíz Rivas, titular do DNI núm. 33.228.537 T, maior de idade, como Alcalde do Concello de Riveira, CIF P-1507400-H e domicilio en Praza do Concello s/n, CP 15960 RIVEIRA (A Coruña)*

*Da outra parte, Daniel Castaño Tubio, titular do DNI núm. 35.471.624 N, maior de idade, como comercial de Iacobus Medieval (nome comercial) conforme poder Mercantil de data 25/05/2016 e que se achega ao presente convenio, con enderezo no Lugar Lamego, nº 37, CP 15911 ROIS (A Coruña), ao que no sucesivo se denominará "Organizador"*

*INTERVEÑEN*

*O primeiro en nome e representación do Concello de Riveira*

*O segundo en nome e representación de Iacobus Medieval (nome comercial)*

*As partes recoñécense capacidade suficiente para obrigarse neste acto e acordan formalizar o presente en base aos seguintes*

*ANTECEDENTES*

*Despois da experiencia positiva na celebración da Feira artesanal e mariñeira de anos anteriores, o Concello de Riveira ten a intención de celebrar unha nova convocatoria.*

*A repercusión cultural que este evento supón é de grande importancia para a nosa cidade, pois a recreación dunha época de antano na que toda a actividade xira arredor dunha actividade mariñeira e artesanal que é representiva dos nosos orixes.*

*A Feira Artesanal e Mariñeira pretende ser un marco de acción no que se conxuguen o valor histórico e patrimonial de Riveira*
*cun abano de formulacións de calidade que permitirán aos visitantes entrar na historia e experimentar un mundo de sensacións, ao tratarse dunha experiencia alternativa ou diferente aos productos culturais clásicos, e sendo o valor percibido superior ao real.*

*Unha ferramenta para dar a coñecer e preserva o valor patrimonial e etnográfico baseada na creación dun mercado mariñeiro e artesanl o que pretende transformar a cidade de Riveira durante catro días, nun espazo de acción dando cabida a: artesanía, a recuperación de oficios artesanais, a persoeiros que a través das súas animacions e espectáculos farán vivir singulares historias, contos e lendas; un conxunto de acciós que reflicten a importancia económica e valor cutural e etnográfico que o Mar e os Mariñeiros aportaron dende tempos remotos a cada unha das antigas parroquias que constituén o actual muncipio de Riveira.*

*OBXECTO*

*É obxecto deste convenio a atribución de espazos para a montaxe da Feira Artesanal e Mariñeira, "Artemar".*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

*Dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacions, é polo que asinan o convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

*CLAUSULAS*

*1 A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as entidades implicadas, para desenvolver o programa de actividades da Feira Artesanal e Mariñeira no ano 2016.*

*2. A Feira Artesanal e Mariñeira, celebraráse nas seguintes rúas e prazas da cidade de Riveira: Praza do Concello, Praza de España, Porta do Sol, Avda do Malecón, Rúa de Galicia, Rúa Santa Uxía e Rúa Manuel Lustres Rivas os días 18, 19, 20 e 21 de agosto de 2016*

*3.O Concello pón a disposición do organizador este espazo público no que se instalarán un mínimo de 85 artesanos e/o stands, ata un máximo de 120.*
*Na Praza do Concello estará reservado un espazo de ata un máximo de 150 m2 exentos de pago por ocupación, a coordinar co departamento municipal de cultura deste concello, destinado a entidades locais sen ánimo de lucro.*

*3. A feira permanecerá aberta ao público de 11.00 a 22.30 horas. No obstante o horario dos stands poderá ser variado en consenso, axuntándose a outras actividades ou actos municipais.*

*4. A organización da feira incluirá, cando menos as seguintes prestacións a cargo e baixo a responsabilidade do organizador:*

- *Ambientación e decoración da feira conforme a temática que corresponda nas distintas zonas. Recepción e acomodación dos artesanos a súa chegada. Desmontaxe e verificación de que o espazo asignado ao evento queda como ao inicio do mesmo (recollida de basura etc.)*
- *Seguimento por parte de 2 persoas ininterrumpidamente, localizables as 24 horas ata a finalización do mercado.*
- *Contratación e xestión de horarios das actuacións e obradoiros, en coordinación co departamento municipal de cultura para a supervisión do seu cumprimento.*
- *Animación na rúa durante os días 18, 19, 20 e 21 de agosto, cun total de 4 horas os días 18 e 19, e 8 horas os días 20 e 21, a distribuir pola mañá e pola tarde, conforme o criterio do departamento municipal de cultura, na se se incluirán espectáculos de circo, clown, maxia, fuego, malabares, música, danza, teatro e outras variedades artísticas por toda a zona do evento, e con especial relevancia na Praza do Concello e Rúa Galicia.*
- *Animación nas rúas cun grupo de música tradicional galega, durante os días 18, 19, 20 e 21 de agosto, cun total de 5 horas diarias, a distribuir pola maña e pola tarde, conforme o criterio do departamento municipal de cultura.*
- *Obradoiro e/ou taller infantil cun total de 5 horas diarias, a distribuir pola maña e pola tarde, conforme o criterio do departamento municipal de cultura.*
- *Servizo de vixiancia diurna e nocturna nos espazos reservados para o Concello, na Praza do Concello (de 15.00 a 18.00horas) e nocturna os días 18, 19 e 20 nos espazos reservados polo Concello na Praza do Concello (de 23.00 a 11.00 horas).*
- *Infraestructura para os días 18, 19, 20 e 21 de agosto.*

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

- *Actuación de un mínimo de 2 conxuntos musicais con todo o equipamento preciso, (son, luces, montaxe e desmontaxe) para as noites dos días 19, 20 de agosto, así como poderá complementar con D´Js as noites do 18 e 21 de agosto, a actuar no espazo conforme o criterio do departamento municipal de cultura.*

- *Subministro e colocación de 100 banderolas económicas en plástico, con medidas de 1x0,70 metros, para publicitar a Feira Artesanal e Mariñeira "Artemar", a ubicar nos lugares que será coordinados co departamento municipal de cultura.*

- *Limpeza dos espazos, a montaxe, desmontaxe dos mesmos e calquera outra infraestructura necesaria para cumprir efectivamente os obxectivos do programa da Feira "Artemar"*

*5.- O organizador explotará a xestión de todos os postos e stands. Aos postos co domicilio fiscal en Riveira e que aporten a debida acreditación, selles aplicará unha bonificación do 50% sobre o coste de ocupación a satisifacer á empresa, todo coa supervisión do departamento municipal de cultural.*

*6.- Será por conta do Concello a disposición, subministro e cargo de luz e auga necesarias para garantir o bo desenvolvemento da Feira "Artemar".*

*7. Para fomentar a participación da cidadanía na Feira, o Concello dará publicidade da mesma a través dos medios de comunicación, web etc. así como fará actos informativos nas respectivas parroquias, en colaboración cos recursos Sociais do municipio (asociacións, clubes.. )*

*8.- O organizador deberá estar en posesión dunha póliza de seguro que cubra os posibles riscos de accidentes e responsabilidade civil que, como consecuencia do desenvolvemento da Feira, poida xurdir tanto a persoas (maiores e acompañantes, voluntarios etc) como a bens materiais.*

*9. Calquera modificación, adición e supresión nas características recollidas nas cláusulas deste convenio se efectuará únicamente por escrito e coa aprobación do Concello de Riveira e o organizador.*
*10. O Concello de Riveira na presente edición 2016 da Feira Artesanal e Mariñeira "Artemar" conforme as cláusulas descritas anteriormente non terá que aboar importe algún ao organizador.*
*Ambas partes, entenden que exceptuando os Servizos de luz e auga que serán por conta do Concello de Riveira corresponden ao organizador atender os gastos que se deriven da execución do programa (postos de venda artesanal, venda de alimentación, tabernas de alimentación, decoración para todo o recinto da feira, animación por grupos locais, bandas de gaitas etc, outras actuacións artísticas incluída a súa producción así como obradoiros).*

*11. O organizador será o responsable de cantos datos lle sean conferidos no presente convenio e/o nas reunión mantidas co Concello de Riveira, (Conforme a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos).*

*12. As partes farán e procurarán que se faga e execute todos os actos, feitos e documentos adicionais que sexan necesarios para dar efectos aos términos e condicións estipulados neste convenio.*

*13. O presente convenio terá unha vixencia igual ao tempo en que dure a prestación dos Servizos por parte do organizador ao Concello de Riveira. Todo o non exposoto neste convenio será resolto polas partes mediante o presente documento asinado.*

*14. Este convenio é un mutuo acordo das partes, e recoñecen que non existe, mala fe ou coacción en ningún momento de celebralo.*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

*Riveira, de de 2016*

*O Alcalde* *Iacobus Medieval*

*Asdo. Manuel Ruíz Rivas* *Asdo. Daniel Castaño Tubio"*

**Segundo**:- Notificar el presente acuerdo a los interesados para su conocimiento y efectos oportunos.

**Tercero:-**Facultar al Sr. Alcalde-Presidente tan ampliamente como en Derecho sea posible para garantizar la plena efectividad del presente acuerdo.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.**

**Riveira, 14 de xullo de 2016**

**O Alcalde** **Dou fe, o secretario xeral**

CONCELLO DE RIVEIRA ALCALDÍA

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**Manuel Ruiz Rivas** **Juan Manuel Salguero del Valle**